

PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP FREI LUÍS DE GRANADA

SARRIA



ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Xustificación baseada no contexto	4
3. Principios básicos do Plan de Convivencia	6
4. Obxectivos	8
5. Actuacións, medidas e programas a desenvolver	10
6. NOFC	12
6.1. Dereitos e deberes dos axentes educativos	13
6.2. Condutas contrarias á convivencia	17
6.3. Correccións do seu incumprimento	19
6.4. Aplicación das medidas correctoras	22
6.5. Normas de conduta no centro	23
7. Axentes responsables da Convivencia	26
8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna e externa ao centro	30
9. Estratexias de difusión do Plan de Convivencia	31
10. Seguimento, avaliación e mellora do Plan	32
11. Conclusións	33



1. Introducción

A sociedade avanza constantemente, cambia e modifícase co devir dos tempos polo que a día de hoxe parece unha quimera, mesmo un erro aferrarse ao que xa tiñamos, co que xa contamos e co que funcionou. Debido a ese andar constante e paseniño que a sociedade vai percorrendo, o ámbito educativo debe de acompañarse da mesma, en sentido estrito. Desde o noso centro educativo non vemos funcionalidade no pasado, polo que é preciso renovarse como institución escolar, xa que o alumnado que agora temos non tiña as mesmas características nin casuísticas con respecto ao que había fai 10 anos, nin 5.

En termos de convivencia a sociedade tamén está mudando, nin de xeito negativo nin positivo, senón que cambia noutras direccións, as cales nos coma profesionais da educación debemos entender para en base a elas formar e educar as novas xeracións. Actualmente atopámonos nunha disxuntiva social, económica e mesmo política; o cal fai que en ocasións non sexamos capaces de tomar decisións nin de saber por onde encamiñarnos. Por todo isto o equipo docente do CEIP Frei Luís de Granada cre nunha profunda renovación do Plan de Convivencia do centro e das normas de organización, funcionamento e convivencia. Polo día a día vemos a necesidade de contar cunha normativa de convivencia axustada á nosa realidade escolar e por ende á sociedade na que vivimos.

Dito plan está pensado para que sexa útil, é dicir, que nos aporte información sobre qué facer en diversas circunstancias que se poden dar no día a día co alumnado; debe ser tamén revisable e avaliable, sobre todo con opción a establecer pautas de mellora que favorezan a retroalimentación do mesmo curso a curso. Non pretendemos establecer unha serie de paradigmas nin estratexias metodolóxicas que soen a utopía, nin que sexa un documento que se debe facer coma unha obriga, debe ser un documento que axude aos axentes educativos e á comunidade educativa en xeral a velar pola convivencia



escolar e que grazas a el se fomente a educación en valores como base para constituír unha sociedade construtiva e renovada.

2. Xustificación baseada no contexto

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, son obxectivos a acadar en dita etapa, relacionados coa convivencia escolar, os que seguen:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.



Do mesmo xeito, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar; afirma que a convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

Segundo o citado Decreto, o Plan de Convivencia é un documento no que se articula a convivencia do centro escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar; tratándose dun proxecto de reflexión e pensamento que integrará os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 así como as necesidades, obxectivos, directrices básicas, actuacións, mediación nos conflitos e actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O CEIP Frei Luís de Granada sitúase no concello de Sarria, na praza de Galicia s/n e conta cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar, así como unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboración coa ANPA e outras entidades públicas e privadas. É un centro de dobre liña que ten escolarizado a 375 alumnos/as. A maioría do persoal ten carácter definitivo no centro. O profesorado ten ansias de analizar e reflexionar sobre os factores que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe, para desenvolver actuacións conxuntas, innovadoras e que atendan á diversidade e á pluralidade. Para todo isto, estamos a converter o sistema no seu conxunto, nun axente activo, é dicir, tanto alumnado como profesorado aprendemos dende a propia experiencia, dende a práctica diaria, dende a reflexión e o debate, dende a propia avaliación introducindo as modificacións necesarias, para mellorar día a día o noso sistema educativo.



Actualmente o centro conta cunha ampla diversidade de alumnado en canto á súa procedencia étnica. Deste xeito contamos con familias procedentes de Marrocos, Siria, República Dominicana, Colombia, Romanía, Bulgaria... En xeral, o nivel socioeconómico das familias do centro é medio, contando con situacións de desemprego e precariedade socioeconómica nalgúns casos. Todo isto debe terse en conta para coñecer como é o contexto do centro. Sarria atópase actualmente en auxe en canto a poboación se refire contando con cada vez máis familias inmigrantes, o cal permite contar cunha diversidade das aulas moi enriquecedora e favorable para a educación de todo o alumnado. Este, ten características de seu, pero é importante que poidamos contar cun documento que nos axude a todos en pro de mellorar a convivencia escolar. Os alumnos deben coñecer cales son as normas do centro, que é o que se permite e que non e sobre todo que consecuencias hai en caso de incumprimento das mesmas.

Fai xa un tempo que o profesorado ven advertindo no alumnado unha situación de cambio, a cal pode deberse a distintos motivos pero que deriva en actitudes negativas en contra deste colectivo. Cada vez temos máis casos de alumnos desobedientes que empregan a falta de respecto para dirixirse aos seus profesores e compañeiros, sobre todo cando van acadando os cursos elevados de Educación Primaria. Desde o Departamento de Orientación cada vez se ten que traballar máis o aspecto socioemocional e comportamental do alumnado en lugar de centrarse tanto no meramente académico. Vemos que a situación do alumnado tamén vai cambiando e o equipo docente debe estar preparado para afrontar ditos cambios, sempre co apoio do ámbito familiar, fundamental para poder reconducir a situación do alumnado.

3. Principios básicos do Plan de Convivencia

Todo proxecto ou plan dun centro educativo debe de sustentarse sobre unha serie de fins ou principios que dean sentido ao que se está a facer na elaboración de dito documento, é dicir, deben de constituír as bases sobre as que partir, intimamente relacionados coa pregunta: para que facemos isto?, que pretendemos conseguir co Plan de



Convivencia?... A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu art. 3 explicita os fins e principios informadores das normas sobre a convivencia nos centros. Recóllense a continuación a modo de dotar de sentido a este Plan de Convivencia:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o feito e o deber de aproveitar do xeito máis óptimo os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos/as ou pupilos/as.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e mellorar a convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.



4. Obxectivos

A nivel xeral guiarémonos polos principios anteriormente explicitados pero segundo o Decreto 8/2015 anteriormente citado, debemos apoiar o Plan de Convivencia concretamente nunha serie de obxectivos xerais segundo estipula o seu art. 12, que son os seguintes:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.



g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Baseándonos sempre nestes obxectivos á hora de elaborar e implementar este Plan de Convivencia, tamén teremos en conta unha serie de obxectivos específicos deseñados expresamente para este centro educativo en función das necesidades detectadas:

- Mellorar a convivencia escolar e o clima nas aulas.
- Proporcionar ao profesorado estratexias e modos de actuación ante situacións adversas.
- Realizar actividades de formación permanente do profesorado neste senso.
- Rebaixar a tensión existente entre o alumnado por medio da mediación e o diálogo.
- Coñecer e poñer en práctica o protocolo de acoso escolar e ciberacoso cando sexa oportuno.
- Instaurar unhas Normas de Organización Funcionamento e Convivencia (NOFC) útiles e adaptadas a cada situación, asumidas e implementadas por todo o equipo docente.
- Levar a cabo unha coordinación eficaz inter e intrainstitucional con outros servizos.
- Mellorar no fomento de actitudes de respecto e integración do alumnado doutras etnias.



Estes obxectivos son susceptibles de ser modificados e mellorados en vindeiros cursos como o cómputo global do documento, xa que o Plan de Convivencia permite flexibilidade para ser mellorado, pero desde o centro educativo crese que estes obxectivos máis específicos han de constituír a base para mellorar a convivencia do centro.

5. Actuacións, medidas e programas a desenvolver

Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:

- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación: outorgando especial relevancia á organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo, as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
- Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa: neste apartado destaca pola súa relevancia a formación permanente do profesorado co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos. Actualmente no centro educativo estase levando a cabo cursos e seminarios para o equipo docente en termos de convivencia e educación emocional.
- Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia. É aquí onde se recollen as campañas e accións de sensibilización e os protocolos de detección temperá.
- Protocolos para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar. Destácase coma un apartado independente o referido ao protocolo sobre



acoso escolar e ciberacoso debido á importancia que para nos ten. O protocolo de actuación estandarizado ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar ante posibles casos de acoso, sendo imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (presunta vítima, presuntos agresores e espectadores) como coas súas familias.

A lexislación tamén expón que como complemento das medidas correctoras que se exporán ao longo destas páxinas, pódense empregar programas e actuacións que favorezan o proceso educativo do alumnado. Un exemplo disto sería desenvolver un **programa de habilidades sociais** dirixido ao alumnado que incorra de xeito reiterado en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración. Dito programa debe elaboralo o Departamento de Orientación coa colaboración do equipo docente e do ámbito familiar. Actualmente o centro está ideando o modelo do programa de habilidades sociais con visos de ser implementado a finais deste curso escolar e/ou a principios do vindeiro.

Outro aspecto que pode resultar de utilidade e que se tratará de realizar no centro xa a comezos do vindeiro curso é a creación dunha **aula de convivencia inclusiva** non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, a modo de reincorporar ao alumnado na súa propia aula no menor tempo posible.

Tanto no programa de habilidades sociais como na aula de convivencia inclusiva abógase polo uso de metodoloxía innovadora baseada nas intelixencias múltiples, na educación emocional e na creatividade como factores que reduzan as condutas disruptivas do alumnado. Ambas medidas tamén terán as súas correspondentes referencias bibliográficas, sendo estas adecuadas á programación que se deseñe para elas.



Outro medio a través do cal o centro educativo trata de resolver as casuísticas condutuais que se nos presentan e a través do **procedemento conciliado**, por medio da mediación e da conversa entre as partes implicadas. No caso de ser efectivo o conflito queda resolto, pero no caso de que este procedemento non sexa satisfactorio o centro levará a cabo as medidas correctoras que se consideren oportunas.

A raíz dos cursos e seminarios como actividades de formación permanente do profesorado, no centro estase dando formato e elaborando un Proxecto Colaborativo-Innovador sobre convivencia escolar, clima de aula e relacións coas familias, que avogue pola acollida do alumnado inmigrante, pola educación emocional e en valores como motores impulsores da convivencia do centro. Dito proxecto contará cunha temporalización de dous cursos escolares.

6. NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia)

Este apartado é un dos que radica maior importancia dentro do Plan de Convivencia, xa que articula as normas, que en gran medida rexen a convivencia do centro. Evidentemente estas normas terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado. Polo tanto han de ser de rigorosa aplicación por parte dos profesionais educativos e acordes ás distintas casuísticas e situacións que se poidan dar no día a día, polo tanto buscamos a practicidade das mesmas. Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (sección 2ª, art.19); ditas normas deben recoller os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento:



6.1. Dereitos e deberes dos axentes educativos:

As NOFC deben ser asumidas pola comunidade educativa, o principal axente involucrado na convivencia do centro. Deste xeito, tanto as familias, como o profesorado, o alumnado e o persoal administrativo e de servizos contan cunha serie de dereitos no ámbito educativo pero tamén cunha serie de responsabilidades ou deberes. Parece importante reflectir aquí os dereitos e deberes dos distintos axentes que se recollen na Ley 4/2011 xa referida, concretamente no seu art. 6,7,8 e 9:

a) En canto ás familias:

-Teñen dereito a:

- Ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados do proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as.
- A recibir información sobre as normas que regulan a convivencia do centro educativo.
- A ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

-Deben:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos fillos en colaboración co profesorado e o centro.
- Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos.



b) En canto ao alumnado:

-Ten dereito a:

- Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

-Debe:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e en consecuencia dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
- Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- Intervir, a través dos cauces regramentarios, en todo aquilo que afecte á convivencia do centro.



- Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
- Asistir á clase con puntualidade e co material preciso.

c)En canto ao profesorado:

-Ten dereito a:

- Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e da sociedade en xeral.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

-Debe:

- Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e



extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás familias sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle imponha a normativa de aplicación.
- Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) En canto ao persoal administrativo e de servizos:

-Ten dereito a:

- Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- Participar na mellora da convivencia escolar.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa .

-Debe:

- Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.



- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular das situacións de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Gardar sixilo e confidencialidade respecto ás actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivera coñecemento.

6.2. Condutas contrarias á convivencia:

Segundo a Lei anteriormente citada, as condutas contrarias á convivencia nos centros docentes, clasifícanse en: **condutas gravemente perxudiciais** para a convivencia e **condutas leves** contrarias á convivencia. A continuación destácase cada unha delas:

- **Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia:**
 - a)As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
 - b)Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - c)Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
 - d)A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
 - e)As actuacións que constitúan **acoso escolar**, entendéndose este como calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por



outro/a/os, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou vacío social, con independencia do lugar onde se producira. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que tiveran causa nunha relación que xurda no ámbito escolar (cyberbullying).

f)A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g)Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h)Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i)As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j)Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. EN todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos; xa que o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, sustancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes (art. 11 Lei 4/2011).

k)A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l)O incumprimento das sancións impostas.



- **Condutas leves contrarias á convivencia:**

a)As condutas tipificadas dos casos a), b), c) e h) comentadas anteriormente cando non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b)Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa j) do apartado anterior.

c)A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.

d)A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e)As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

6.3. Correccións do seu incumprimento:

O incumprimento das normas de convivencia do centro terán unha serie de correccións co obxecto ter un carácter educativo e recuperador, garantindo o respecto dos dereitos do alumnado e procurando a mellora da convivencia no centro. Como centro educativo, cremos necesario que estas sancións se sustenten nuns principios inmutables e respectados polo equipo docente. Estes principios recóllense no art. 18 da Lei 4/2011 e son os que se presentan a continuación:

- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin ao da súa escolaridade. A estes efectos, non se entenderá privación do dereito á educación a suspensión da asistencia as clases ou o cambio do centro, medidas que se recollerán no presente documento.



- Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade do alumnado.
- A imposición das medidas correctoras previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e mellorarán o seu proceso educativo.
- Terase en conta a idade do alumnado e circunstancias de índole persoal, familiar e social.

A continuación expóñense as medidas correctoras tanto para as condutas gravemente prexudiciais como para as leves (art.39 e 43 do Decreto 8/2015):

- Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais:
 - a) **Realización**, dentro ou fóra do horario lectivo, de **tarefas** que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
 - b) **Suspensión do dereito a participar nas actividades** extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
 - c) **Cambio de grupo.**
 - d) **Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - e) **Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - f) **Cambio de centro:** esta medida terá carácter excepcional e contará cunha serie de condicionantes que se deberán cumprir para levala a cabo:

-Esta medida non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o centro ou na de residencia non exista outro centro que imparta as ensinanzas que curse.



-A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

-No caso de que a persoa instrutora do procedemento corrector propoña esta medida a un alumno/a, a Dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos anteriores apartados e logo da comprobación, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector.

-A Xefatura Territorial, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a Dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:
 - a) **Amoestación** privada ou por escrito.
 - b) **Comparecencia inmediata ante** a persoa que ocupe a **Xefatura de Estudos**.
 - c) **Realización de traballos específicos en horario lectivo**.
 - d) **Realización, en horario non lectivo, de tarefas** que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
 - e) **Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias** do centro por un período de ata unha semana.
 - f) **Cambio de grupo por un período de ata unha semana**.
 - g) **Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - h) **Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado



haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

6.4. Aplicación das medidas correctoras:

Para mellorar o clima de convivencia no centro educativo, é preciso debater sobre as diversas condutas do alumnado, tipificándoas en leves ou graves e aplicar as medidas correctoras que a lexislación contempla para cada unha delas; pero cremos que tamén amosa especial relevancia o coñecer quen é/son os responsables de aplicar e implementar ditas medidas na vida diaria do centro. Evidentemente todos os axentes implicados no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado debe coñecer que medidas se adoptan en cada momento e situación, pero nesta cuestión discernirase que axentes son os óptimos para aplicar as medidas segundo a clasificación das condutas anteriormente mencionada:

- En relación ás condutas gravemente prexudiciais:

A Dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas con anterioridade. Un alumno/a poderá ser readmitido/a nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión, se a Dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

- En relación ás condutas leves contrarias á convivencia:

A imposición destas medidas correctoras levaraa a cabo:

-O **profesorado** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefatura de Estudos (medidas a), b) e c)).

-A **titora ou titor**, oído o alumno/a e dando conta á Xefatura de Estudos (medidas a), b), c), d)).



-**Xefe/a de Estudos** ou a persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e o seu profesor/a titor/a (medidas a), c), d), e) e f).

-**Titular da dirección do centro**, oídos a alumna/o e o titor/a (medidas g) e h)). A imposición destas medidas comunicárase á nai ou pai, do alumno/a antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia do centro.

Estas son as condutas e medidas correctoras que a lexislación presenta a modo de servir como referente ante as actuacións que se poidan levar a cabo en diversas situacións.

6.5. Normas de conduta no centro:

A continuación expóñense a modo de táboa as normas máis específicas e concretas que o centro educativo deseñou para mellorar o seu clima de convivencia. Aparecerá cada norma indicando a guía gravidade, medida correctora a implemear e persoa que aplica a mesma. Esta táboa está baseada na lexislación de convivencia anteriormente comentada, polo que as letras referiranse as medidas explicitadas no apartado anterior:

NORMA	MEDIDA CORRECTORA	APLICACIÓN
1. Puntualidade (8:55h). É preciso chegar puntuais ao colexio.	-Leve: 1ª vez b), 2ª vez: o alumno/a agardará co pai/nai ou titores legais, 3ª vez a). -A partir da 3ª vez considerarase falta grave: b)	-Profesorado/Titores/XE. -Dirección.
2. Entregarase o xustificante de faltas de asistencia ata 3 días a partir da reincorporación.	-Leve: a) -No caso de non xustificar e de chegar ao 10% de faltas de asistencia, procederase a apertura do protocolo de absentismo.	-Profesorado/Titores. -Titores.
3. O alumnado permanecerá no recinto	-O seu incumprimento considérase unha falta grave:	-Dirección despois de procedemento instrutor.



escolar e non abandonará o centro sen o pai, nai ou titor legal en horario lectivo.	e)	
4. Os alumnos poderán ter faltas de asistencia prolongadas por motivos persoais coa debida xustificación.	-No caso de non xustificar esas ausencias prolongadas activarase o protocolo de absentismo.	-Titores/XE/Dirección.
5. Coidarase o centro educativo. (Danos causados cara as instalacións, materiais e mobiliario existentes no recinto escolar).	-Se é leve: 1ª vez a); 2ª vez b); 3ª vez c). -Se é grave: Deberase reparar e/ou repoñer o danado. Empregaranse as medidas a), b) 1 mes. d) (en caso de clases concretas); segundo a gravidade.	- Profesorado/titores/XE. - Dirección.
6. Substracción de materiais e bens alleos (grave).	-Reposición do subtraído por parte dos titores legais do alumnado. -a) -b)	-Dirección.
7. Asistirase co equipamento preciso para participar no desenvolvemento das clases.	-Se é leve: -1ª vez: a) -2ª vez: b) -3ª vez: c) -4ª vez: g) -Se é grave: 1º. b) 2º. d)	-Profesorado/titores/XE. -Dirección.
8. Suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos (grave).	-1ª vez: a) -2ª vez: b) -3ª vez: e)	-Dirección.



<p>9. Respetaranse as normas de clase.</p>	<p>-Como leve: 1ª vez a), 2ª vez b), 3ª vez c). -Como grave: e)</p>	<p>-Profesores/titores/X.E. -Dirección</p>
<p>10. Uso de espazos comúns:</p> <p>-Durante o recreo os alumnos/as respectarán as súas zonas de xogo.</p> <p>-Nos cambios de clase o alumando permanecerá sentado e en orde.</p> <p>-Nos corredores e escaleiras o alumnado irá en orde acompañado polo profesorado correspondente.</p> <p>-Coidranse os espazos comúns, en canto ao lixo, uso de materiais, etc.</p>	<p>-Leve: a) (1ª vez), c) (2ª vez) -Leve: a) (1ª vez), c) (2ª vez) -Leve: a) (1ª vez), c) (2ª vez) -Leve: a) (1ª vez), c) (2ª vez)</p>	<p>-Profesorado de garda no recreo. -Profesorado/titores/X.E. -Profesorado/titores/X.E. -Profesorado/titores/X.E.</p>
<p>11. Coidaranse as relacións entre o alumnado (Faltas de respecto, insultos, inxurias...)</p>	<p>-Leve: a), b), c), d), e), f) -Grave: a), b), c), d), e), f) (segundo reiteración)</p>	<p>-Profesorado, titores, X.E. -Dirección.</p>
<p>12. Coidaranse as relacións entre alumnado e profesorado e persoal de servizos. (Faltas de respecto, insultos, inxurias...)</p>	<p>-Grave: a), b), c), d), e), f) (segundo reiteración)</p>	<p>-Dirección</p>
<p>13. Respetarase aos compañeiros (Agresións)</p>	<p>-Grave: a), b), d), e), f)</p>	<p>-Dirección</p>



As medidas correctoras que se establecen na táboa poderanse ver agravadas no caso de situacións graves moi reiteradas dando cumprimento ás medidas recollidas nos art. 39 e 40 do Decreto. 8/2015.

Desde o centro educativo tamén queremos apuntar a obriga do alumnado a asistir ao centro nas condicións de hixiene e vestimenta oportunas, co fin de asegurar un clima axeitado de convivencia escolar.

7. Axentes responsables da convivencia

Segundo a lexislación de convivencia, os axentes responsables de velar pola mesma son os seguintes:

- Comunidade educativa
- Consello Escolar
- Comisión de Convivencia
- Claustro
- Equipo directivo
- Órganos de coordinación docente
- Consello de convivencia escolar de Galicia

1- Comunidade Educativa:

Evidentemente, o centro enmárcase dentro dun contexto cunhas características intrínsecas. Todas as persoas que forman parte dese contexto son responsables de velar pola convivencia do mesmo. Por iso, a comunidade educativa participará da elaboración, desenvolvemento, no control do cumprimento e avaliación de dito Plan e das normas do centro; sempre en termos de igualdade, equidade e inclusión.



2-Consello Escolar:

En termos de convivencia escolar, ao Consello Escolar tamén se lle atribúen unha serie de funcións:

- Elixir ás persoas representantes da Comisión de Convivencia.
- Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das NOFC
- Realizar o seguimento e avaliación (anual) do Plan e das NOFC.
- Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa.

3-Comisión de Convivencia:

Tal e como se recolle na lexislación anteriormente citada, dita Comisión constitúese no seo do Consello Escolar, ten carácter consultivo e velará pola correcta aplicación do Plan de Convivencia e das normas do centro (NOFC). Está composta de persoas representantes do alumnado, profesorado, familias, e persoal de administración e servizos. Dita comisión estará presidida polo director/a do centro educativo, quen ten a potestade de nomear aos seus integrantes, exercendo un deles de secretario. As súas funcións e desenvolvemento reflectiranse no Plan de Convivencia do centro.

No CEIP Frei Luís de Granada a Comisión de Convivencia está formada polos seguintes integrantes:

-Profesorado:

Amparo Páramo Vázquez

Eva Castiñeira Mourenza

Hugo Rubianes Rodríguez

M. Ángeles Bouza Blanco

María López Rodríguez



-Persoal non docente do centro educativo:

Montserrat Arias López

-Representantes de pais/nais do alumnado do centro:

Amaya Rodríguez Besteiro

M^a Pilar Trebolle López

A Comisión de Convivencia foi aprobada polo Consello Escolar con data 19/12/2016.

Esta Comisión desempeña as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar os sectores da comunidade educativa.
 - Adoptar medidas preventivas para o cumprimento de normas.
 - Propiciar a convivencia.
 - Propor ao Consello Escolar medidas oportunas para mellorar a convivencia
 - Propor persoas para o equipo de mediación, se é o caso.
 - Informar ao Consello Escolar do grao de cumprimento da normativa vixente.
 - Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia.
 - Elaborar a memoria anual de convivencia.

A comisión de convivencia tamén poderá solicitar o asesoramento do D.O., dos titores, educadores sociais do concello e asociacións cando o estime oportuno. Esta comisión manterá 3 reunións anuais, unha por trimestre e cantas veces se considere oportuno con carácter extraordinario.

4. Claustro:

En materia de convivencia escolar o claustro do profesorado conta coas seguintes funcións:



- Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das NOFC.
- Participar na avaliación anual do Plan de Convivencia, incidindo especialmente no seu desenvolvemento.
- Propor actuacións de carácter educativo, especialmente relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

5. Equipo Directivo:

Ao equipo directivo correspóndenlle as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia e demais actuación derivadas do seu desenvolvemento mentres a Comisión non estea constituída.
- Impulsar as actividades previstas no Plan, velar pola súa realización e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e participación do alumando.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procedementos oportunos.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

Concretamente á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das NOFC.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións reflectidas nos diferentes plans (PAT, PXAD...).
- Promover o exercicio de mediación que se leva a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase segundo das NOFC.



6. Órganos de coordinación docente:

Estes órganos terán a responsabilidade de incorporar nas súas actuacións as medidas e acordos adoptados de conformidade co Plan e coas NOFC. As medidas serán recollidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílas na documentación institucional do centro para asegurar a coherencia co PE e a PXA.

7. Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia:

Dito Consello créase como órgano de carácter consultivo e de apoio á comunidade educativa no referente á convivencia escolar. Está adscrito á Consellería con competencias en materia de educación e contará co apoio dos servizo técnicos da Administración educativa, co fin de fomentar a participación de todos os membros da comunidade educativa na mellora da convivencia.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna e externa ao centro

Está claro que a convivencia é unha labor de toda a comunidade educativa e non so debe fomentarse a nivel interno e de centro senón que en moitas ocasións existen variables externas que afectan ao centro e que se deben de contemplar en materia de convivencia. Por iso distinguimos dous tipos de mecanismos:

- **Mecanismos de coordinación internos:** neste apartado inclúese como prioritario a comunicación e plena colaboración coas familias, a coordinación existente entre o profesorado, sobre todo no xeito de actuar en materia de convivencia, a comunicación bidireccional entre o Equipo Directivo e Departamento de Orientación co resto do equipo docente, o empregar este



departamento coma un servizo útil que dote de asesoramento sobre a convivencia escolar, etc. Son aspectos internos ao centro que debemos de cuidar para poder mellorar o clima de convivencia escolar.

- **Mecanismos de coordinación externos:** a convivencia escolar non so atañe ao centro no seu seo, senón que o centro se sitúa nun contexto determinado; e nese contexto existen unha serie de servizos que poden perfectamente favorecer a mellora da convivencia escolar en particular e da vila en xeral. Referímonos aquí ao Concello, servizos sanitarios, asociacións privadas, Servizos Sociais, etc. O centro educativo debe estar aberto á comunicación e coordinación destes servizos, en ocasións tan necesarios para mellorar certas situacións que se poden dar no día a día do centro. En materia de convivencia escolar tamén nos parece fundamental contar coa Administración Educativa por medio dos Equipos de Orientación Específicos como co servizo de Inspección Educativa, para xuntos poder solventar calquera situación que o centro non poida por si so resolver, véndoos como axentes facilitadores da convivencia escolar. Para propiciar esta colaboración externa empregaranse diferentes documentos ou follas de rexistro coma solicitudes, notificacións, etc.

9. Estratexias de difusión do Plan de Convivencia

Desde o centro considérase necesario difundir e dar a coñecer á comunidade educativa as normas e directrices de convivencia do mesmo, para que sexan asumidas por todos. Por ese motivo cremos pertinente contar con certas estratexias que faciliten a difusión de dito documento. Empregaremos para este fin dous canles principais: o uso das novas tecnoloxías e o formato físico. Por unha banda, no blog do centro colgarase información relevante neste senso previa notificación ás familias por medio dunha circular informativa. Ao inicio do curso escolar, na primeira reunión xeral coas familias daráselle a cada unha un díptico (folleto) onde se recollen de xeito esclarecedor as normas do centro educativo e explicaráselles os aspectos esenciais do Plan de



Convivencia. En cada aula tamén haberá indicadores sobre as normas do centro ao igual que na sala de profesores e espazos comúns como biblioteca ou sala de ordenadores (nestes espazos indicaranse as normas específicas dos mesmos asema de).

10. Seguimento, avaliación e mellora do Plan

O obxecto da elaboración deste Plan foi tratar de crear un documento útil e sinxelo que proporcione unha serie de estratexias ou mecanismos que faciliten a mellora da convivencia escolar. Non se tratou de realizar algo utópico nin descontextualizado con respecto á identidade e carácter do centro educativo. Todos os plans e documentos do centro deben ser avaliados para poder melloralos, reaxustalos, modificalos e que permitan establecer propostas de mellorar. Este documento parte da premisa constituírse como un documento base sobre a convivencia escolar, sobre o cal se realizarán as modificacións oportunas curso tras curso para poder ilo instaurando no día a día do centro. Para iso empregaranse diferentes técnicas avaliativas con respecto ao Plan:

- Reunións da Comisión de Convivencia e claustro debatendo sobre o que funciona, o que non e rexistralo.
- Test ou cuestionarios avaliativos sobre a funcionalidade do mesmo.
- Rexistro de incidencias graves ocorridas no curso e análise do procedemento elixido e da súa execución.

Na memoria anual do Plan de Convivencia recolleranse un resumo destas análises e valorarase a pertinencia de realizar ou non as modificacións que se consideren oportunas con vistas a mellorar o devandito Plan e as NOFC do centro educativo.



11. Conclusións

Seguramente poderanse facer moitas actividades, campañas, actuacións e medidas para mellorar o clima escolar e a convivencia xeral do centro; pero todo iso non terá sentido sen a colaboración, coordinación e cooperación plena de toda a comunidade educativa, xa que a convivencia é en esencia iso, poder respectar e ser respectado, axudar e ser axudado. Desde o centro educativo cremos na convivencia, como factor básico sobre o cal mellorar o desenvolvemento do noso alumnado. Aspectos como educación en valores, habilidades sociais, emocións, etc.; débense de potenciar no ámbito familiar evidentemente pero será preciso traballalas de xeito paralelo nas aulas, corredores e demais estancias do centro, para deste xeito formar persoas válidas, críticas e reflexivas que contén coas estratexias e mecanismos necesarios para ir avanzando no seu ciclo vital, porque a convivencia e en xeral educar refírese ao mesmo aprender a convivir na sociedade.

O Plan de Convivencia foi aprobado polo Claustro o día 04/04/2017 e polo Consello Escolar o día 20/04/2017.